

CES
COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL

Núm. 36 (2014), páxs. 249-254

ISSN: 1130-2682

**BAIXA VOLUNTARIA NON XUSTIFICADA. PRAZO E
DEDUCIÓNS NA DEVOLUCIÓN DAS APORTACIÓNS
PARA FINANCIAR O PAGO DE VIVENDAS. ANOTACIÓN Á
SENTENZA DA SECC. N. 4 DA AUDIENCIA PROVINCIAL
DE A CORUÑA DE 27 DE XUÑO DO 2013**

*VOLUNTARY LOW NO JUSTIFIED. TERM AND DEDUCTIONS IN
THE RETURN OF CONTRIBUTIONS TO FINANCE THE PAYMENT
OF HOUSES. ANNOTATION TO THE JUDGMENT OF SECTION 4
OF THE PROVINCIAL COURT OF A CORUÑA OF JUNE 27, 2013*

ISABEL SÁNCHEZ CABANELAS¹

¹ Avogada. Dirección de correo electrónico: isabel.cabanelas@gmail.com

O obxecto deste comentario é a sentenza da Sección 4ª da Audiencia Provincial de A Coruña 258/2013, do 27 de xuño, no recurso de apelación número 250/2013, interposto como demandada-apelante por A MUIÑA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA e como parte demandante-apelada Dona Melisa e Don Fidel, contra a sentenza ditada polo Xulgado do Mercantil número 1 de A Coruña, de data 28 de Xaneiro do 2013, nos autos número 176/2012, sobre reclamación de cantidade.

I ANTECEDENTES

Dna. Melisa e D. Fidel incorporáronse como socios da Cooperativa de vivendas A MUIÑA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA o 26 de xuño do 2006. Para adquirir a condición de socio desembolsaron 100 euros en concepto de cota de ingreso, 300 euros como achegas a capital social e 40.125 euros como primeira entrega para financiar a compra das vivendas respetivas.

O 27 de xullo do 2007 e o 30 de marzo do 2009 respectivamente, Dona Melisa e Don Fidel solicitan a baixa na cooperativa. As citadas baixas son autorizadas polo Presidente da cooperativa por delegación do Consello Reitor que as califica como: “baixas voluntarias non xustificadas e acorda devolver as cantidades que correspondan, unha vez practicadas as liquidacións, en canto un novo socio substitúa aos que se dan de baixa e en todo caso no prazo máximo de cinco anos”.

Dona Melisa e Don Fidel entenden que non procede aplicar deducións ás cantidades entregadas e requiren por burofax á cooperativa para que devolva íntegramente as achegas entregadas para financiar o pago das vivendas.

As partes non chegan a un acordo e os socios presentan demanda de reclamación de cantidade contra a cooperativa ante o Xulgado do Mercantil número 1 de A Coruña.

O 28 de xaneiro do 2013, o Xulgado do Mercantil número 1 de A Coruña, dita resolución na que estima parcialmente a demanda presentada polos socios que causan baixa contra a cooperativa A MUIÑA, condenando a esta a devolverlles as achegas efectuadas para financiar o pago das vivendas. Asemade, a resolución determina que non procede a devolución íntegra das achegas feitas polos socios para a financiación das vivendas. Sostén a resolución que procede devolver as cantidades achegadas unha vez feita a correspondente dedución estatutaria e legal ao tratarse dunha “baixa voluntaria non xustificada”, máis os intereses legais dende a demanda.

Esta resolución foi recurrida en apelación por A MUIÑA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA ante a Sección 4 da Audiencia Provincial de A Coruña que resolve o 27 de xuño do 2013 desestimar o recurso e confirmar a sentenza apelada.

II COMENTARIO

O conflito de intereses que da pe a esta resolución trae a súa causa na baixa de dous socios nunha cooperativa de vivendas. Unha vez que a baixa é aceptada pola cooperativa e calificada como “baixa voluntaria non xustificada” é preciso dar resposta aos seguintes puntos:

1. Determinación do prazo do que dispoñen as cooperativas de vivendas para devolver as achegas dos socios.
2. Determinación das cantidades que corresponde devolver e das cantidades que non se devolven das achegas inicialmente polos socios. E por último,
3. Determinación de se procede ou non procede aplicar deducións na devolución das achegas.

Para tratar de clarear os problemas expostos debemos partir do principio de portas abertas que rixe no ámbito cooperativo e que permite aos socios darse de baixa na cooperativa voluntariamente sen que exista unha causa que o motive.

Recollendo este principio, o artigo 20 da Lei de Cooperativas de Galicia establece que: “A persoa socia poderá darse de baixa voluntariamente na cooperativa en calquera momento, mediante preaviso por escrito ao órgano de administración. O prazo de preaviso, que fixarán os estatutos, non poderá ser superior a un ano”.

Este principio de portas abertas que permite aos socios entrar e saír libremente das cooperativas podería xerar perxuízos graves para as sociedades, como pode ser a súa descapitalización, se non fose acompañado de:

- a) a posibilidade de aplicar no caso de baixa dos socios, deducións nas devolucións das achegas a capital social (artigo 64) e nas devolucións das achegas entregadas para financiar o pago das vivendas (artigo 121) e
- b) dun prazo legal máximo do que dispoñen as cooperativas para devolver os dous tipos de achegas (artigos 64 e 121 da Lei de Cooperativas de Galicia).

É dicir, cando un socio causa baixa nunha cooperativa, a sociedade non ten que devolver a totalidade das cantidades achegadas polo socio á cooperativa e ten un prazo que pode chegar aos cinco anos para devolver as cantidades que correspondan.

As deducións que pode aplicar a cooperativa na devolución das achegas dependerán da calificación da baixa. A baixa dun socio pode ser calificada polo Consello Reitor como “xustificada ou non xustificada” e esta calificación ten consecuencias económicas para o socio que deixa a cooperativa, pois soamente as

“baixas xustificadas” non sofren deducións na devolución das achegas ao capital social.

Centrándonos nas cooperativas de vivendas e no caso obxecto de estudo, Dona Melisa e Don Fidel desembolsaron para adquirir a condición de socios unha serie de cantidades destinadas a finalidades diversas. Concretamente para adquirir a condición de socio na cooperativa A MUIÑA Dona Melisa e Don Fidel desembolsaron:

1. 100 euros en concepto de cota de ingreso
2. 300 euros en concepto de achega a capital social
3. 40.125 euros en concepto de achega para financiar o pago da vivenda.

As tres cantidades citadas seguen rexímenes distintos cando o socio causa baixa na cooperativa. Así, os 100 euros que foron entregados como cota de ingreso non integran o capital social e non serán reintegrables de conformidade co artigo 65 da Lei de Cooperativas de Galicia. O artigo 65 establece que: “Estatutariamente ou pola asemblea xeral poderán establecerse cotas de ingreso e/ou periódicas que non integrarán o capital social nin serán reintegrables”.

Pola contra, os 300 euros que foron entregados como achegas ao capital social son reintegrables nun prazo máximo de cinco anos e poden ser obxecto de ata un 20% de deducións no caso de baixa voluntaria non xustificada segundo o artigo 64 da Lei de Cooperativas de Galicia. O artigo 64 establece que: “Os estatutos regularán o dereito das persoas socias ao reembolso das súas achegas ao capital social en caso de baixa. A liquidación destas achegas farase polo valor nominal segundo o balance de pechamento do exercicio no que se produza a baixa. Pódense establecer deducións sobre todas as cantidades reembolsables polos conceptos de achegas obrigatorias, o retorno cooperativo ao que, se é o caso, teñen dereito e fondos de reserva repartibles que, se é o caso, poidan correspondonderlles, que non serán superiores ao 30% no caso de expulsión nin ao 20% no caso de baixa non xustificada; para estes efectos terase en conta o establecido no artigo 20 desta lei para os supostos de incumprimento do prazo de preaviso ou do período de permanencia mínimo. No caso de baixa xustificada, non procederá ningunha dedución (...) O órgano de administración poderá aprazar o reembolso da liquidación no prazo que sinalen os estatutos sociais, que non será superior a cinco anos no caso de expulsión ou baixa non xustificada, a tres anos no caso de baixa xustificada e a un ano no caso de defunción, contando desde a data do peche do exercicio en que a persoa socia causou baixa. As cantidades aprazadas darán dereito a percibir o xuro legal do diñeiro desde a data de peche do exercicio en que a persoa socia causou a baixa, e non poderán ser actualizadas”.

Por último, os 40.125 euros entregados en concepto de achega para financiar o pago das vivendas poden ser retidos pola cooperativa ata que os socios sexan substituídos por outros ata un prazo máximo de un ano, podendo aplicárselles

ás cantidades entregadas por tratarse de baixas non xustificadas as deducións a que se refire o artigo 64 da Lei, ata un máximo do 40% das porcentaxes que nel se establecen, destinándose na súa totalidade ó Fondo de Reserva Obrigatorio. O artigo 121 da Lei así o establece “No caso de baixa do socio, a cooperativa poderá reter o total das cantidades entregadas por el para financiar o pagamento de vivendas e locais ata que sexa substituído no seus dereitos e obrigas por outro socio. Os estatutos fixarán o prazo máximo de duración do dereito de retención, que non poderá ser superior a un ano. Cando a baixa do socio fose considerada como non xustificada, se o prevén os estatutos, poderán aplicárselles ás cantidades entregadas por el para financiar o pagamento das vivendas e locais as deducións a que se refire o artigo 64 desta Lei, ata un máximo do 40% das porcentaxes que nel se establecen, destinándose na súa totalidade ó Fondo de Reserva Obrigatorio. As cantidades a que se refire o parágrafo anterior, así como as achegas ó capital social, deberánselle reembolsar ó socio no momento en que sexa substituído nos seus dereitos e obrigas por outro socio”.

No procedemento orixe desta sentenza, Dona Melisa e Don Fidel reclaman á cooperativa a cantidade que entregaron en concepto de achegas para financiar o pago das vivendas sen dedución algunha. A sentenza do Xulgado primeiro e a de apelación despois recoñecen o dereito dos socios á devolución da cantidade achegada para financiar o pago das vivendas no prazo máximo dun ano e non de cinco como entendía a cooperativa. Asemade entenden que non procede a devolución das achegas íntegras senon que corresponde aplicarlle as deducións contempladas no artigo 64 para as achegas a capital social nos termos fixados no artigo 121 da Lei de Cooperativas de Galicia.